



CONSORCIO DE  
SANTIAGO


Newsletter

Outubro 2021

ARQUITECTURA E PATRIMONIO |

## Adxudicada a obra de instalación dunha cuberta telescópica nas piscinas de Sar

O Consorcio de Santiago adxudicou a obra de instalación dunha cuberta telescópica para a piscina exterior do complexo do Multiusos Fontes do Sar. A empresa adxudicatária foi *Prace, Servicios y Obras, S.A.* O prazo estimado de execución é de catro meses, polo que se prevé que a nova cuberta -que resolverá os problemas de mantemento, estabilidade e eficiencia enerxética do actual globo removible- estea rematada para a vindeira primavera. O importe da adxudicación ascende a 1.070.392,27 €.



## Avanzan as obras de substitución das cubertas do Pazo de Raxoi

A Oficina Técnica do Consorcio de Santiago está a coordinar as obras de substitución das cubertas do Pazo de Raxoi. A finalidade desta intervención é evitar as filtracións da auga da choiva ao interior do inmobile e mellorar a eficiencia enerxética do edificio, catalogado co Nivel 1 no Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago. A actuación inclúe a instalación dun novo sistema de recollida de evacuación das augas de cuberta.

PUBLICACIÓNS |

## Connemórase o 20º aniversario do falecemento de Eugenio Granell con dúas publicacións

O 24 de outubro cúmprense 20 anos do falecemento de Eugenio Granell (A Coruña, 1912-Madrid, 2001). Para conmemorar esta efeméride, o Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora sacan á luz dúas publicacións vencelladas ao gran pintor surrealista galego. *Eugenio Granell. Regreso de un surrealista exiliado*, da historiadora Violeta González Forte, aborda a súa volta do exilio a un país que tardaría en recoñecer a súa vida e obra. Pola súa parte, *Un diálogo entre supervivientes: Eugenio Granell y Vicente Llorens*, da tamén historiadora Inmaculada Real López, reúne máis de cen cartas inéditas intercambiadas entre Granell e o historiador valenciano Vicente Llorens durante as súas máis de catro décadas de amizade.



MÚSICA |

## A Real Filharmonía de Galicia ofrecerá cinco concertos en novembro e presentará un disco

A Real Filharmonía de Galicia vai celebrar un total de 5 concertos en novembro. O día 3 en Vigo e o 4 en Santiago, será a estrea mundial da obra *Nightfall* do trompetista galego Esteban Batallán -trompeta principal da Orquestra Sinfónica de Chicago-, no que será o debut do mestre Marc-Leroy Calatayud á fronte da RFG. O día 18, no marco do Festival Cineuropa, a orquestra porá a banda sonora ao filme *O peregrino* de Charles Chaplin, restaurada por Timothy Brock, que levará a batuta. O 24 en Vigo e o 25 en Santiago regresa Paul Daniel e Josu de Solaun interpretará o *Concerto para piano núm. 2* de Prokófiev.

En novembro a RFG presentará ademais un novo disco, *Atlantic Waters*, que reunirá obras de compositores galegos contemporáneos, no seu compromiso de apoiar aos nosos autores.



O trompetista Esteban Batallán



O flautista Matthieu Gauci-Ancelin

## Clases maxistras na EAEM

A EAEM organiza clases maxistras impartidas por solistas de recoñecido prestixio internacional. Ao longo de novembro e decembro contarase co flautista Matthieu Gauci-Ancelin, o contrabaixo Damián Arenas, o trompista Eric Terwilliger, o violoncellista Nikolay Gimaletdinov e o clarinetista Hermann Stefánsson. Diríxense a alumnos que estean a cursar como mínimo os últimos cursos de grao medio. A inscrición realizarase a través da web da Escola -www.eaem.es-.